

## **MOCIÓN Eliminación da Violencia contra a Muller.**

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller celébrase anualmente o 25 de novembro para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclamar políticas en todos os países para a súa erradicación.

Foi no ano 2000 cando a Asemblea Xeral da ONU designou esta data, convidando a gobernos, organizacións internacionais e ONG a tomar cartas no asunto e coordinar actividades que eleven a conciencia pública en canto á eliminación de todas as formas de violencia contra as mulleres.

O Convenio de Istambul, en vigor desde o 1 de agosto de 2014, é o instrumento xurídico internacional máis importante e específico para previr e loitar contra esta secuela, xa que reconece a violencia cara ás mulleres en todas as súas formas e máis aló da relación que exista entre a vítima e o agresor.

En España, A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, no seu artigo 1.1, define este tipo de violencia como aquela que “como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exércese sobre estas por parte de

quen sexa ou fosen os seus cónxuxes ou de quen estea ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia”.

No noso país a violencia de xénero segue sendo unha das principais preocupacións de dereitos humanos e unha das materias pendentes da sociedade. Os datos son arrepiantes: 1.114 mulleres foron asasinadas por violencia de xénero desde o 1 de xaneiro de 2003, ano en que comezaron a rexistrarse, ata o día de hoxe. Neste 2021 son xa 36 mulleres ás que lles arrincaron a vida por violencia de xénero. Ademais, tamén hai que lembrar que 41 menores foron asasinados por violencia de xénero, xeralmente para facer dano á súa nai, o que coñecemos por violencia vicaria, e que 323 menores quedaron en situación de orfandade desde 2013, en concreto, 21 durante este ano 2021.

Outra cifra abafadora en si mesma é a seguinte: desde 2009 rexistráronse máis de 1.743.800 denuncias por violencia de xénero (sen esquecer que se denuncia unha baixa porcentaxe de casos, tal e como mostran os datos da Macroencuesta de Violencia contra a Muller de 2019).

Por todo o anterior, consideramos que toda a cidadanía debe ser consciente desta realidade, de que ás mulleres asasínanos polo feito de ser mulleres, e manter vivo o recordo de todas aquelas que xa non se atopan entre nós como consecuencia da violencia de xénero.

Neste sentido, propoñemos que o Concello de Carballo proceda á instalación dunha pancarta co obxectivo de ter sempre presente que hai que seguir loitando contra a violencia de xénero.

Non podemos quedarnos só na superficie dun manifesto ou cun minuto de silencio cada vez que se produce un asasinato, debemos tomar máis medidas de concienciación.



Esta pancarta incluiría, por unha banda, un contador onde se expoñerá o número de mulleres que foron vítimas da violencia de xénero e na parte central, unha frase que pode ser consensuada ou elixida a través das redes sociais, na liña da mensaxe “Vivas, libres e sen medo”, para facer visible esta secuela social non soamente un día, senón todos os días do ano.

**Por todo o antes exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción o seguinte acordo:**

- Instalación dunha pancarta nun lugar céntrico do pobo de Carballo onde se expoñerá o compromiso do Concello de Carballo coa erradicación da violencia de xénero mediante unha frase consensuada e un contador onde se expoñerá o número de mulleres asasinadas.

Carballo a 05 de novembro do 2021.  
María Carmen Vila Blanco.  
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL